

APRENDIN A CAZADOR

*Aprendín a cazador
nos montes de Salamanca
agora xa vou cazando
lebres de cabeza branca.*

+

De rapaz tireille os ollos
ao rei-rei do roseiral
sorriso quente nos beizos,
e sen bágoas que chorar!

De mozo vín a anduriña
azas quebradas no chán
morcego negro na aréa,
tampouco poiden chorar!

De home outro home vín
orfo de traballo e lar
espello de carne fría,
nada tiven que lle dar!

De vello matéi á corza
vagalume do seu mar
de palla mumia mollada,
nunca aprendín a chorar!

+

Decidínme a navegar
pola banda do gran sol
agora vivo penando,
non quero ser cazador!

Rubia Barcia